

OS CRUZADOS DA INCINERACIÓN E OS INFIEIS DA RECICLAXE

Xabier Abalo Costa, Alcalde do Concello de Moaña.

AEscola Galega de Administración Pública (EGAP), celebrou en Santiago de Compostela, os días 18 e 19 de marzo, un "Seminario sobre Política Ambiental", coa asistencia de numerosas persoas e a participación de cualificados relatores neste campo.

O seu contido xirou entorno á política ambiental europea, o medio ambiente, a explotación ecolóxica dos residuos, os instrumentos de xestión ambiental, o marco conceptual do medio ambiente e as directrices da política estatal. Pechaba o seminario unha mesa redonda sobre a política ambiental na Comunidade Autónoma Galega: planos de actuación. Nela se prevía a intervención dos Directores Xerais de Obras Públicas, Industria, Montes e Medio Ambiente e mais o de Saúde Pública. Desgraciadamente, para un auditório que reservaba as súas inquedanzas cara a agardada presencia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOPV), pola repercusión do Plano SOGAMA no medio ambiente galego e na poboación en xeral, ningun membro desta Consellería acudiu para responder ás preguntas e interrogantes que foron desprendéndose das distintas conferencias.

O profesor alemán de Constitución Municipal e Dereito tributario da Escola Superior de Administración Pública de Ludwigsburg, Dr. Konrad Faiss, versou sobre a explotación ecolóxica dos residuos, facendo historia do tratamento dos residuos sólidos urbanos (RSU) en Alemania. Afirmou que, actualmente, a intención política alemana se concentra prioritariamente en evitar os residuos e, se son inevitables, reciclarlos; a eliminación (sic) de residuos está a ser a última de todas as opcións, incluso a incineración. A cidade de Stuttgart tiña previsto construir antes do ano 2005 tres incineradoras mais das que teñen; hoxe, a decisión é que non se van construir.

Seguiu a afirmar o Dr. Konrad que a Lei Federal alemana de economía cíclica, baseada en volver utilizar o lixo xerado establece como conceptos únicos 'o residuo para reciclar' e 'o residuo paara eliminar', e dá clara prioridade a todos os esforzos possibles na 'prevención de residuos'. A Lei de economía cíclica fai fincapé na responsabilidade polo producto ao ter que desenvolver, producir, transformar ou elaborar, distribuir ou utilizar bens procedentes da industria de producción. A idea estriba en centrarse na utilización repetida e na prolongación da vida técnica dos bens económicos, así como na súa preparación para a reciclaxe e a súa eliminación ecolólica.

A Lei de economía cíclica dispón que determinados pro-

ductores e tenentes de residuos poidan delegar as súas obligas no tratamento dos RSU a terceiros: compañías privadas, asociacións para este fin ou entidades construidas polas corporacións de autoxestión da economía. Non obstante, as corporacións rexionais das comunidades seguen a manter a responsabilidade global polo tratamiento dos RSU. A pesar de todo, nun recente procedemento administrativo, as federacións de comunidades -os Lander- ténense pronunciado en contra deste modelo pola sospeita de que a industria privada tan só se faga cargo daqueles aspectos do tratamento cos que obteñen beneficios. Sería interesante -reflexionemos- ver o paralelismo entre a delegación de responsabilidades no tratamento dos RSU en Alemaña, coas sospeitas e pronunciamientos aludidos, e o papel de Unión Fenosa no Plano de SOGAMA, diante da cruzada cuasi relixiosa que teñen emprendido persoas do Partido Popular na súa defensa ultra, como Palmou, Cuíña ou o propio Fraga.

OS LANDERS ALEMÁNS SOSPEITAN QUE A INDUSTRIA PRIVADA SÓ SE FARÁ CARGO DAQUELES ASPECTOS DO TRATAMIENTO DOS RESIDUOS COS QUE OBTEÑEN BENEFICIOS. POR ELO, CUMPRE REFLEXIONAR SOBRE O PAPEL DE UNIÓN FENOSA NO PLANO DE SOGAMA.

Un seminario dабondo importante e interesante, cunha guinda frustrante: a ausencia de calquera representante de CPTOPV que puidera manifestar a súa opinión diante dos graves problemas sociais que está a provocar a formulación do plano SOGAMA ou coñecer como contemplan os cruzados das empacadoras e da incineración a existencia de proxectos alternativos como o do Morrazo, atinxindo aos concellos de Moaña, Cangas e Bueu, con mais de 50.000 habitantes, nunha área entorno aos 200 km², que conta cun proxecto de preto de 800 millóns de pesetas e unha subvención europea do 70%.

Todo elo fainos pensar se non sería recomendable acadar un pacto político parlamentario que garanta e apoie a execución de proxectos alternativos como o do Morrazo ou establecer con moito sentido común a modernización da planta de reciclaxe de Mougá, para os concellos de Ferrolterra, con independencia do plano SOGAMA que, cando menos, miraríase desde unha perspectiva mais real e menos partidaria.

Non deberían estes planos contar coa axuda económica e a colaboración da Xunta, en lugar de seren acosados polo boicot partidario do PP e acometidos polos cruzados da incineración e das empacadoras?.

